



Avaliación ambiental estratéxica de modificacións menores de plan xeral

Lexislación de referencia

- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental:
(Artigo 5.2.f) Entenderase por modificacións menores os cambios nas características dos plans ou programas xa adoptados ou aprobados que non constitúen variacións fundamentais das estratexias, directrices e propostas ou da súa cronoloxía pero que producen diferenzas nos efectos previstos ou na zona de influencia
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:
(Artigo 46.2.a) As modificacións menores dos plans xerais de ordenación municipal serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada.
(Artigo 83.4) A alteración das determinacións do planeamento xeral considerárase como modificación deste, aínda cando a dita alteración implique cambios na clasificación, na cualificación do solo ou na delimitación do ámbito dos polígonos.
(Artigo 83.5) A modificación de calquera dos elementos do planeamento xeral suxeitarase ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG)
- Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

Procedemento simplificado

1. SOLICITUDE DE INICIO

O concello promotor da modificación do planeamento xeral (PXOM ou NNSS) trasladará ao órgano ambiental a **solicitud de inicio** da avaliación ambiental estratéxica simplificada, o **borrador da modificación** co contido necesario para a súa análise urbanística e o **documento ambiental estratéxico**, co contido establecido na lexislación vixente.

A documentación do PXOM (escrita e gráfica) deberá estar adaptada ás Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia.

O órgano ambiental comprobará, no prazo máximo dun mes, que a documentación está completa (artigo 60.3 LSG). De non ser así, solicitará que se acheguen os documentos preceptivos.

2. CONSULTAS PREVIAS

O órgano ambiental someterá a documentación recibida ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo, das demais administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de 30 días hábiles (artigo 35.3 L9/2021).

Ao mesmo tempo, o órgano ambiental publicará a modificación proposta e o documento ambiental estratéxico no portal web para que o público en xeral poida facer observacións e suxestións.

3. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO (IAE)

Tras o remate do período de consultas previas, o órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico no que determinará se o plan ten ou non efectos significativos no medio:

- **No caso de prever efectos ambientais significativos, a modificación deberá someterse ao procedemento ordinario** de avaliación ambiental estratéxica e o órgano ambiental elaborará o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico.
- **De non prever efectos ambientais significativos, o procedemento ambiental remata** e a modificación poderá aprobarse nos termos que o propio IAE estableza.

O prazo para formular o informe ambiental estratéxico é de tres meses desde a recepción da solicitud de inicio e da documentación completa que se deba xuntar (artigo 35.2.b L9/2021). O



informe ambiental estratéxico farase público no *Diario Oficial de Galicia* e no portal de internet do órgano ambiental.

O informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan ou programa no prazo máximo de seis anos desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia do dito informe ambiental estratéxico por outro prazo máximo de dous anos (artigo 35.2.c L9/2021).

Avaliación ambiental estratéxica de modificacións menores de planeamento xeral

(Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia; Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia)

FASE	OBXECTIVOS	DOCUMENTOS	RESPONSABLE	DIRIXIR A	PRAZO	PUBLICACIÓN
SOLICITUDE DE INICIO	Solicitar ao órgano ambiental o inicio da tramitación ambiental	- Solicitud de inicio do procedemento de AAE simplificada - Borrador da modificación proposta - Documento ambiental estratéxico	Concello	Órgano ambiental ¹		
CONSULTAS PREVIAS	Consultar sobre as repercusións ambientais da modificación e a proposta urbanística	- Borrador da modificación proposta - Documento ambiental estratéxico	Órgano ambiental	Urbanismo, Administracións públicas afectadas, persoas interesadas e público en xeral	30 días hábiles	Portal web do órgano ambiental
INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO (IAE)	Determinar se a modificación debe someterse ou non a unha avaliación ambiental ordinaria en función dos efectos ambientais previstos	Non se prevén efectos ambientais significativos: - Informe ambiental estratéxico Prevense efectos ambientais significativos²: - Informe ambiental estratéxico - Documento de alcance do estudo ambiental estratéxico	Órgano ambiental	Concello	3 meses (dende a recepción da documentación completa)	Diario oficial e portal web do órgano ambiental

¹ Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda)

² Neste caso continuarase coa tramitación do procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica.